



Sra. Directora Xeral de Calidade Ambiental e
Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas
Xunta de Galicia

ASUNTO: Consultas sobre avaliación de impacto ambiental simplificada dos proxectos de "Cambio de uso forestal a agrícola de diversas parcelas das parroquias de:

- Pantón e Ferreira (Pantón, Lugo) promovido por Adegas O Castro, SL, clave 2018/0200
- Espasantes e Serode (Pantón, Lugo) promovido por Adegas O Castro, SL, clave 2018/0204

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN como Presidente da asociación,

CONSIDERANDO:

1. Que os proxectos do mesmo promotor consisten no cambio de uso de forestal a viñado en:
 - a. 139 parcelas cunha superficie total de 34,3 ha, das que 27,5 ha son terreos forestais e o resto xa é superficie agrícola (clave 2018/0200).
 - b. 210 parcelas cunha superficie total de 37,3 ha, das que 29,5 ha son terreos forestais e o resto xa é superficie agrícola, estando 9,39 ha en Rede Natura 2000 (ZEC Canón do Sil ES1120014) das cales 8,50 ha precisarían cambio de uso (clave 2018/0200).
2. Que a superficie forestal está cuberta por matogueira, plantacións de piñeiros e eucaliptos e "abundantes árbores frondosas (carballos, castineiros, amieiros, bidalos,) de idade reducida (10-15 anos aproximadamente) nados por rexeneración nunha parte das parcelas... Hai algúns exemplares de árbores frondosas (carballos, castineiros, amieiros, bidalos,) de idade mais elevada (25-30 anos aproximadamente) pero illados ou en recintos e parcelas pequenas, sen continuidade."
3. Que se ben o mosaico agrosilvopastoral tradicional é unha paisaxe moi representativa de Galicia e un reservorio moi importante de biodiversidade, a implantación dun extenso monocultivo de viñado suporía un grave deterioro paisaxístico e de biodiversidade.
4. Que en anteriores consultas sobre avaliación de impacto ambiental de arroteamentos SGHN ten xa constatado en varios casos que o solicitante proporcionou información incompleta, incorrecta ou, simplemente, falsa.

SOLICITA:

Que a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático:

1. Desestime a solicitude de arroteamento dos terreos incluídos na ZEC Canón do Sil ES1120014 e os cubertos por frondosas autóctonas.
2. Solicite un informe á Dirección Xeral de Patrimonio Natural sobre a veracidade ambiental da documentación presentada polo solicitante e se inclúa como mínimo no condicionado unha idade ou dimensións máximas para as árbores que se poderían tallar, un mínimo de cabida cuberta a conservar e unha supervisión do cumprimento do condicionado por parte do axente ambiental de zona.

En Santiago de Compostela a 4 de decembro de 2018

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto